



**PRESTACION ECONOMICA DE PAGAMENTO UNICO PARA AS FAMILIAS CON
FILLOS MENORES DE TRES ANOS**

BENEFICIARIOS :

Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillos/as menores de tres anos **nados entre o 01-01-2017 e o 31-12-2017, ambos os dous días incluídos** e que durante o ano 2018, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

Serán igualmente beneficiarios polos fillos ou fillas adoptados ou acollidos mediante resolución xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

REQUISITOS :

- Residir na Comunidade autónoma de Galicia.
- Que na data de solicitude os nenos convivan coa persoa solicitante.

TIPO DE AXUDA :

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. A cuantía será a seguinte:

- Cando sexa o primeiro fillo/a: 360€
- Cando sexa o segundo fillo/a: 1.200€
- Cando sexa o terceiro ou sucesivos : 2.400€

DOCUMENTACION :

- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de empadramento conxunto de toda a unidade familiar con unha antigüedad máxima de seis meses
- En caso de separación ou divorcio copia da sentenza de nulidade, ou convenio regulador de ser o caso

O prazo de presentación de solicitudes comenza o 21 de xaneiro e remata o vindeiro 09 de marzo de 2020 (ambos incluídos). Os interesados recibirán máis información no departamento de servizos sociais do Concello.